



BECAS E AXUDAS AO ESTUDO (PROXECTO DE RD)

Sindicato de Traballadoras e Traballadores do Ensino de Galiza

O STEG PIDE AO CONSELLO ESCOLAR DO ESTADO QUE REXEITE A REFORMA NO SISTEMA DE BECAS QUE PROPÓN EDUCACIÓN

O STEG, a través da Confederación de STES-i na Comisión Permanente do Consello Escolar do Estado, presentou unha proposta de ditame alternativo na que se pide ao Ministerio de Educación que non reforme o sistema de becas. A razón fundamental na que se basea esta petición é que as becas e axudas ao estudo reduciríanse drásticamente, aumentando o número de alumnado que tería que abandonar os seus estudos universitarios no caso de aprobarse a proposta do MEC.

A Comisión Permanente do CEE debe ditaminar mañá día 18 o *"Proyecto de Real Decreto por el que se establecen los umbrales de renta y patrimonio familiar y las cuantías de las becas y ayudas al estudio para el curso 2013-2014 y se modifica parcialmente el Real Decreto 1721/2007, de 21 de diciembre, por el que se establece el régimen de becas y ayudas al estudio personalizadas"*, ([para velo pincha aquí](#)). Este ditame farase fóra do prazo legal, pois o RD 1721/2007, de 21 de decembro, que estableceu o réxime de becas e axudas ao estudo, establece na súa Disposición Adicional primeira que se podía modificar no primeiro trimestre de cada ano, e estamos en xuño, é dicir, fóra de prazo.

Pero a cuestión máis importante é que se pretenden rebaixar as contías fixas das becas de 3.500 euros a 1.500 ao tempo que se endurecen os requisitos académicos para obter unha beca.

O STEG denuncia que este goberno continúa coa súa política de recortes tendentes a reducir a porcentaxe que se destina á Educación atentando agora contra a igualdade de oportunidades e o dereito á educación do alumnado que necesita axuda para poder cursar os seus estudos. É por isto que pedimos á Comisión Permanente do CEE que rexeite o proxecto de Real Decreto no que está a traballar o Ministro Wert.

Secretariado Nacional do STEG
xuño de 2013